ás persoas maiores e nas oficinas. Os centros teñen que permanecer abertos e debe garantirse, en todo caso, que quen acuda a eles teña cuberta a parte esencial do servizo, garantindo unha presenza. Ademais hai un tramo educativo no horarios das escolas infantís e unha atención sociosanitaria nos centros de atención ás persoas maiores e isto supón que, tanto uns como outros, permanezan abertos cando menos co persoal imprescindible para garantir a parte mínima do labor cotián que se desenvolve nos ditos centros.

Artigo 2º

A determinación dos/as profesionais necesarios deberá estar adecuadamente motivada.

A xustificación debe constar no expediente de determinación de mínimos dos centros e debe exteriorizarse adecuadamente para xeral coñecemento dos/as destinatarios/as.

Deberá quedar constancia nel dos factores ou criterios cuxa ponderación conduce a determinar as prestacións mínimas. A listaxe de profesionais necesarios para a cobertura dos servizos mínimos deberá ser publicada nos taboleiros de anuncios dos centros, con antelación suficiente ao comezo da folga.

Con tales premisas, no anexo desta resolución recóllese o número de efectivos de servizos mínimos para cubrir as xornadas de folga.

Artigo 3º

A designación nominal, que deberá recaer nos/as profesionais de xeito rotatorio, será determinada polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e notificada aos profesionais designados de xeito nominal. O persoal designado como servizo mínimo que desexe exercer o seu dereito de folga, poderá instar a substitución da súa designación por outro profesional que voluntariamente acepte o cambio de xeito expreso.

Artigo 4º

Os paros e as alteracións no traballo por parte do persoal necesario para o mantemento dos servizos mínimos determinados no anexo e expostos nos taboleiros de anuncios do centro, serán considerados ilegais para os efectos do establecido no artigo 16.1º do Real decreto lei 17/1977, do 4 de marzo (BOE nº 58, do 9 de marzo).

Artigo 5º

O disposto nos artigos anteriores non significará ningún tipo de limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga recoñece ao persoal nesta situación, nin tampouco sobre a tramitación e efectos das peticións que a motiven.

Disposición derradeira

Esta orde producirá efectos o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

ANEXO

Área de benestar.
-Servizos centrais: 3 persoas, 1 por cada servizo (xerontoloxía, *Xantar na casa*, inclusión).
-Centros residenciais: o persoal para a prestación do servizo equiparado a un domingo ou festividade.
-Centros de día: 1 traballador/a por cada 10 usuarios/as, cubrindo o acompañamento de transporte.
Oficina I+B: 1 traballador/a por oficina.

Escolas infantís.
-Servizos centrais: 1 técnico, 1 auxiliar administrativo.
-Escolas infantís: 1 persoa de atención directa por cada unidade aberta.
CEMVI: 1 persoa por quenda.

Servizos técnicos e de administración xeral:
-Rexistro: 1 traballador/a.
-Departamento xurídico: 1 técnico.
-Departamento de persoal: 1 técnico e 2 auxiliares.
-Departamento de contratación: 1 técnico.

Centros Quérote: 1 traballador/a por oficina.

PARLAMENTO DE GALICIA

Acordo do 9 de decembro de 2009, da Mesa do Parlamento de Galicia, polo que se aproba a oferta de emprego público da Administración do Parlamento de Galicia para o ano 2009.

O Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia establece no seu artigo 17 que as necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poidan ser cubertas co persoal existente e se deban prover mediante persoal de novo ingreso serán obxecto, de ser o caso, de aprobación dunha oferta anual de emprego público, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia*.

Mediante acordo da Mesa de Negociación da Administración do Parlamento de Galicia, do 29 de decembro de 2008, establecéronse os criterios xerais dos plans de oferta de emprego público.

Conforme o anterior e unha vez analizadas as necesidades de persoal existentes, a Mesa da Cámara, na súa reunión do 9 de decembro de 2009,

DISPÓN:

Aprobar a oferta de emprego público da Administración do Parlamento de Galicia para o ano 2009, constituída pola praza vacante dotada orzamentariamente que se relaciona a continuación:

Tipo de persoal: funcionario.
Grupo: C.
Corpo: administrativo do Parlamento de Galicia.

Denominación: administrativa/o.
Número de prazas: 1.

A cobertura desta praza realizarase mediante promoción interna ao abeiro do disposto no artigo 39 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2009.

José Manuel Baltar Blanco
Presidente en funcións

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resolución do 15 de maio de 2009 pola que se fai pública a encomenda de xestión para a realización de traballos correspondentes ao Congreso Internacional Eunis-2009 (do 23 ao 26 de xuño de 2009).

Para levar a cabo os traballos arriba mencionados, a USC conta cun servizo propio baixo a forma de sociedade unipersoal de capital integramente público, denominado *Unixest, S.L.* tal como se recolle no artigo dous *in fine* dos seus estatutos.

Polo exposto anteriormente, cumpríndose neste caso os requisitos establecidos nos artigos 4, letra n) e 24.6º da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e no artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), o reitor resolve:

Encargar directamente mediante esta encomenda de xestión os traballos de secretaría técnica (comunicación, material, eventos sociais, persoal de apoio, instalacións e espazos, aloxamento e transportes relatores e restauración/catering) polo importe de 75.658,43 euros, IVE non incluído, do congreso arriba citado.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, contados desde a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, ante o reitor da USC. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado mentres non se dite a resolución expresa ou presunta do recurso potestativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes da LRX-PAC, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2009.

P.D. (Resolución 31-7-2007, DOG do 19 de setembro, modificada por Resolución 12-5-2009, DOG do 26 de maio)
Miguel A. Vázquez Taín
Vicerreitor de Economía, Financiamento e Infraestruturas

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

*Resolución do 26 de novembro de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo por consolidación de emprego, para o ingreso no corpo auxiliar da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo C2, nomeado pola Orde do 1 de setembro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia *número 175, do 7 de setembro), pola que se lle dá publicidade a diversos acordos, en relación ao primeiro exercicio do proceso selectivo.*

En sesións que terán lugar os días 25 e 26 de novembro de 2009, o tribunal nomeado pola Orde do 1 de setembro de 2009 (DOG número 175, do 7 de setembro) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso por consolidación do emprego no corpo auxiliar da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo C2, convocado pola Orde do 4 de xullo de 2008 (DOG número 130, do 7 de xullo), e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.-Estimar as reclamacións presentadas polos/as seguintes aspirantes acerca das puntuacións, e modificar estas, do seguinte xeito:

Javier Bernárdez Barreiro, pasa a ter 23,05 puntos.

Antonio Botana Rico, pasa a ter 18,66 puntos.

Natalia Vázquez Rodríguez, pasa a ter 20,12 puntos.

Segundo.-Estimar parcialmente a reclamación presentada pola seguinte aspirante acerca das puntuacións e modificar estas, do seguinte xeito:

María Ana Fernández Lamela, pasa a ter 25,24 puntos.

Terceiro.-Realizar os trámites oportunos para a publicación no recinto feiral de Silleda, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención á Cidadanía da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), das puntuacións obtidas polos aspirantes presentados ao primeiro exercicio do proceso selectivo por consolidación do emprego para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2.

Contra estes acordos poderá interpoñerse recurso de alzada segundo o previsto nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2009.

Elena Barca Ramos
Presidenta do tribunal